

"SuperMarket Trade Show 2011", Feira Internacional de Abastecemento a Supermercados. Tokyo (Xapón), 8 ao 10 de Febreiro de 2011

As empresas galegas interesadas en participar na Feira Internacional de Abastecementos a Supermercados "[Supermarket Trade Show 2011](#)", que se desenvolverá en Tokyo (Xapón), do 8 ao 10 de Febreiro de 2011, poden solicitálo ao Igape. A selección dos participantes farase por orde cronolóxica de solicitude.

"SuperMarket Trade Show 2011", coñecida como a feira máis importante de Asia no sector de supermercados e outros establecementos de venda polo miúdo, contará con máis de 1.500 expositores e máis de 78.000 visitantes.

O CPN do Igape en Tokyo ([xapon@igape.es](mailto:xapon@igape.es)) coordinará toda a información e participación nesta feira, e ocuparase de elaborar unha axenda de traballo para cada empresa galega participante que así o desexe.

## SUPER MARKET TRADE SHOW 2011 (45 edición)

TOKYO BIG SIGHT: EAST HALL

Tokio, Xapón

8 – 10 de Febreiro do 2011

### **Feira de Productos Alimentarios para Establecementos de Autoservicio**

**Data:** 8-10 de Febreiro 2011 (Martes-Xoves)

**Periodicidad:** anual

**Lugar de celebración:** Tokyo Big Sight (Tokio, Xapón) Pabellón Este.

**Horario da feira:** 10:00 – 17:00 (10:00 – 16:00 o último día)

**Número de expositores en 2010:** 2.224 stands (1.140 compañías expositoras, 49 de orixe extranxeira)

**Número de visitantes en 2010:** 78.478

**Espacio bruto de exposición:** 51.380 m<sup>2</sup>

**Organizador:** A Asociación Xaponesa de Establecementos de Venta por AutoServicio (Japan Self-Service Association - JSSA) coa colaboración da empresa Mesago Messe Frankfurt Corp.

#### **Artículos a expoñer:**

- Produtos de importación, incluídos produtos de marca branca para suministro a supermercados e grandes cadeas de establecementos minoristas:

- Alimentación: comestibles, produtos conxelados, produtos lácteos, produtos gourmet, produtos frescos e procesados, produtos de confitería, produtos orgánicos, suplementos nutricionais, etc.
- Bebidas: alcohólicas e non alcohólicas
- Outros artigos: envases para gardar alimentos, artigos de fogar, prendas.

**NOTA: As empresas de viño poden expor os seus produtos na feira "Wine & Gourmet Fair" que se celebrará en abril 2011. O IGAPE posee a intención de volver a participar nela.**

- Equipamiento e Servizos para cadeas de establecementos:

- Equipos e instalacións para tendas. Información e Servizos: diversos servizos de apoio; software; servizos de promoción de vendas; revistas, diarios e publicacións do sector; etc.

- Xestión Medioambiental e de Hixiene:

- Equipos e materiais de limpeza, lavado e esterilización; dispositivos de aforro de enerxía, sistemas de reciclaxe; recollida de lixo; equipos de tratamento de residuos; etc.


**Perfil do certame:** A feira "Supermarket Trade Show" está considerada como a principal feira comercial en Asia no relativo ao suministro de supermercados, incluíndo coma compoñente fundamental o abastecemento de artigos de alimentación, independentemente de que sexan produtos de marca branca ou de marca rexistrada.

Para impulsar o carácter internacional da Feira, o organizador (JSSA) asociouse con Mesago Messe Frankfurt Corp., entidade europea organizadora de feiras de mostras, que facilitará os servizos destinados aos expositores internacionais.

#### **Tipo de Visitantes:**

Maioristas (de alimentación e outros sectores), Importadores, Cadeas de Supermercados), Caterings, Restaurantes, etc

#### **Programas especiais da Feira:**

 **Exame de Produtos (Buyer Shoku Selection):** a organización desta feira ofrece o servizo de valoración da adecuación de produtos ao mercado xaponés, realizado por un comité de expertos de cadeas de supermercados e establecementos de autoservizo xaponeses.

O examen consiste en valorar o produto en base a diferentes factores cunha nota representativa. Asemade, facilítase retroalimentación sobre as debilidades e fortalezas do produto de cara a súa venda no mercado xaponés.

O CPN de Tokyo negociou a posibilidade de solicitar este servizo por libre, sen incurrir na obriga de participación na feira por parte a empresa. Poderase acceder ao mesmo, sen esta abriga, a partir dun mínimo de 10 produtos.


**Prezo:** 50.400 yens por produto

**Inscripción:** ata o 9 de outubro 2010

**Servizo:** exame do produto que se quere introducir no mercado xaponés realizado por expertos xaponeses de cadeas de autoservizo.

**Resultados:** os resultados do exame de produto serán facilitados a finais de novembro do 2009

**Nota:** a posibilidade deste servizo queda suxeita ao número de solicitudes recibidas. Non haberá tal posibilidade no caso de que o número de solicitudes sexa inferior a 10.

 **Encontros de negocios (Business Matching):** Os organizadores da feira ofrecen un sistema de concertación de entrevistas denominado Programa de Reunións de Negocio (Business Matching Program-BMP) que pretende facilitar encontros entre expositores extranxeiros e compradores locais e que será xestionado por un comité denominado Business Matching Committee, do que forman parte membros da JSSA, no que se inclúen importadores locais, casas comerciais (tradings) e supermercados.

**Prezo:** gratuíto

**Inscripción:** ata o 30 de outubro 2010

**Servizo:** reunións durante a feira con representantes de cadeas de autoservizo xaponesas

#### **Outros Servizos**

- Seminarios de presentación para expositores estranxeiros.
- Seminarios profesionais para compradores xaponeses.

Ademais dos stands convencionais, a Feira dispón de stands especialmente preparados para ofrecer degustacións, con dispoñibilidade de auga corrente, e zona común adxacente para manter reunións de negocio.

**Prazo de solicitude:** **ata o 23 de Decembro do 2010**

**Número máximo de participantes:** 5

**Servicios ofrecidos por el IGAPE:**

**-Espazo expositivo:** O IGAPE proporciona o espazo expositivo que será duns 54 m<sup>2</sup>; é dicir, cada compañía disporá duns 9 m<sup>2</sup> onde poderán expoñer os seus produtos

**-Elaboración de axendas comerciais:** as empresas participantes poderán solicitar, se así é o caso, axendas comerciais ao CPN de Tokio. As reunións de traballo poderán ser celebradas no propio stand ou ben na área común preparada a tal efecto

**-Degustación de produtos:** as empresas poderán ademais ofrecer degustacións dos seus produtos nunha zona habilitada para elo

**Proceso de selección de participantes:** A selección realizarase por riguroso orde cronolóxico de solicitude. A solicitude será válida unha vez recibida no Igape, debidamente cuberta. O formulario de Inscripción atópase accesible no apartado de Feiras da páxina web do IGAPE ([www.igape.es](http://www.igape.es)). Soamente serán admitidas as 5 primeiras empresas.

O CPN do IGAPE en Xapón coordinará toda a información e participación na feria.

Contacto:

Pedro J. Gallego

Director

CPN IGAPE JAPON

Yatsuka Bldg., 8<sup>th</sup> Floor

1-3-8, Higashi-Azabu, Minato-ku.

Tokyo 106-0044

JAPAN

Tel.: +81 3 3584.1861

Fax: +81 3 3584.1862

[pgu@igape.es](mailto:pgu@igape.es)

[www.igape.es](http://www.igape.es)

**Notas:**

**Japan Self-Service Association (JSSA):** principal asociación xaponesa de supermercados, da que forman parte 228 supermercados e un total de 491 empresas membro relacionadas co sector (fabricantes, minoristas, etc).